

GALICIA SOCIALISTA

VOCEIRO DO PARTIDO SOCIALISTA GALEGO

2.ª XEIRA

ABRIL 78



O SI E O NON DO SOCIALISMO GALEGO

«O xurdimento nos anos 60 de partidos de carácter nacionalista foi un paso importante pra crear unha conciencia política a nivel de Galicia».

(Francisco Vázquez)

«Quenes deben desaparecer dos partidos nacionalistas son os que din que éstos constitúen un atranco pra liberación de Galicia».

(X.L.M. Ferrín)

«Plantéxase o dilema de si paga a pena a unidade ó precio de que desapareza o Socialismo Galego».

«Os partidos nacionalistas non soio non deben desaparecer sinon que deberían afortallarse».

(X Beramendi)

«A cuestión non é desaparecer ou non sinon valorar a capacidade de transformación na dirección dos seus oxetivos».

(X. Fortes)

«Os partidos nacionalistas sirven de aguillada pra que as reivindicacións de Galicia non seían esquecidas».

(Indalecio Tizón)

«Todos sabemos como en nome da Unidade Socialista, algúns intentan pura e simplemente afortallar unha alternativa nididamente socialdemócrata».

(X. Vega)

Editorial


A desaparición das siglas PSP logo será un feito. A unidade dos socialistas, nembargantes, está por facer. A verba máxica estoureou como unha borbulla de xabón e dentro non había ren, se acaso, unha negación, a identificación por aniquilamento. Agás unhas siglas e catro políticos profesionais, o trasvase de militantes, asegún recoñecen ambas partes, será mínimo, e a campaña publicitaria a ralenti e meviola non chegará a encubrir unha desfeita conscente e un fiasco lóxico. Dunha banda quedarán os «políticos» que preferiron pasarlle a cicuta secrática e responsable aos da outra banda, aos testimoiais, aos «ninguén» —no decir do vello mestre— que, ciscados e decepcionados non chegarían a entender por qué despois do 15 de xuño perdera senso unha alternativa.

Remataba a transacción, algunhas voces claman pola súa ampliación ao Socialismo galego. Abogados do pragmatismo, pretenden resolver o tribalismo político galego co bipartidismo español. Nunca falarán da unidade de acción no proceso de identificación dos socialistas galegos, previo a calquera tipo de seu artellamento estatal, nin das afinidades existentes entre certas forzas nacionalistas, nin de que un proceso de unidade ten un ritmo propio. Neste canto de cisne, ou millor dito, da águila imperial baixo cuílas azas se acobillan as unidades de destino, non chegarán a pensar que se cadra, crocados os ovos a tortilla non pague a pena.

O PSG non debe ser atranco ningun para que pretendan nacionalistas, incluso sen militancia partidaria, poidan dar por fin o salto mortal definitivo, a pirueta circense final que os coloque onde sempre deberon de estar. A mala conciencia despertada polo oportunismo vains acompañar sempre, ao marxe dese valado involuntario chamado PSG.

Decía James Connolly, nacionalista e socialista irlandés fusilado pola súa participación na insurrección da Pascua de 1916: «Pasei gran parte da miña vida alternando entre explicarlles o Socialismo aos irlandeses e Irlanda aos socialistas. Mentres no primeiro dos traballos acadéi un éxito considerábel, no segundo non conseguín ren». Na súa execución interviría tanto o periódico nacionalista «The Irish Independent» como os socialistas ingleses, ún de cuílos líderes, Arthur Henderson, formaba parte do gabinete responsable da mesma. Pouco antes da súa morte, diría referíndose aos seus compañeiros ingleses: «Nunca entenderán por qué estou aquí. Queren esquecer que son irlandeses».

O nacionalismo socialista ten unha longa historia de acedos tragos. Nós esperamos tamén que ningún esquezza que somos galegos e se existimos non é por un azar e non somos quen para desfacer nos dun instrumento que xerou un pobo para a súa defensa nun determinado intre da súa historia. Por eso abrimos nas nosas páxinas un debate que ten de rebordar os límites partidarios, que sirva para clarificar o si e o non dun Socialismo Galego.



POR FIN PREAUTONOMIA

A preautonomía chegou por Real Decreto. Foi un regalo «xeneroso» do poder centralista, arrincado pola presión de medio millón de galegos na rúa, amañado pola man interesada da UCD, cuílos membros foron inimigos declarados; hai poucos anos, dun Poder Galego e negaban a bandeira da nosa singularidade. E agora enarbolan o mastro oportunista da corrente ideolóxica autonómica dos nacionalistas. Da autonomía que lles convén a eles. Aos caciques de sempre.

O Real Decreto é común —agás dun matiz— a Galicia, Aragón, País valenciano e Canarias. Aprobouse despois de moitos meses de parolas, mobilizacións populares, porfías, comunicados e intrigas. Non compría perder tanto tempo, para ao remate, eses parlamentarios que din defender os intereses de Galicia, declárenos, amén...

A preautonomía de Galicia vai sere unha simple descentralización administrativa; e non vai arranxar os problemas que Galicia ten prantexados nin aplicar a terapéutica acalida para curar as nosas doencias seculares. Pero pode axudar a concienciar ao País e servir de rodaxe dalgunhas institucións públicas propias, das que Galicia, pola adversidade histórica, careceu.

Agora virá, vía constitucional, o Estatuto de Autonomía que lle conveña á clase capitalista. O P.S.G. non vai a adoptar de cara ó proceso autonómico, a ultranza, unha actitude hipercrítica e negativa.

O P.S.G., sin renunciar a ningún dos seus oxetivos finís, tentará forzar, premer e aportar solucións concretas ós problemas reais da Nación Galega, a fin de que a cativa autonomía ofrecida na Constitución seña o máis largacia a prol das clases traballadoras. Non seña manipulada pola dereita na defensa dos seus intereses, e, conseqüentemente, resulte outra frustración colectiva deste esmagado País.

Compre, pois, presionar para abrir algún canle futuro de cara á autodeterminación. A loita pola liberación nacional do noso pobo estará en función do empeño e do grado de madurez política que os galegos poñamos en acadala.

TABOA

- Editorial
- Xornadas territoriais en Pontevedra
- O Partido Galego do Proletariado
- No aniversario dos sucesos de Marzal do 72
- O Mercado Común contra Europa
- Enquisa «Galicia Socialista»
- As urxencias sanitarias
- Invólución democrática da mocidade?
- Encol da simboloxía e emblemas galegos
- As rúas da Cruña
- Bahía James: un Suarna indio

Biblioteca de Comunicación
Arquivo de Galicia
CEDOC

XORNADAS TERRITORIAIS DO P.S.G. EN PONTEVEDRA



Durante o pasado mes de febreiro celebráronse ao longo todo do país as Xornadas Territoriais do Partido. Con elas tentouse levar a cabo unha política de implantación e dinamización de cara á presenza do P.S.G. na rúa, e o seu programa global rexeuse con arreglo ao seguinte esquema: I. Presentación. II. Explicación dos acordos do Congreso-77: programa mínimo. III, IV, V. Informes dos Secretarios de Organización, Finanzas e Frentes sobre a situación do Partido a nivel nacional e na Sección Territorial correspondente. VI. División da Asemblea en Frentes para: estudar os problemas respectivos, elaborar un programa mínimo e nomear representantes dos mesmos. Canalización do labor a realizar por quen non encaixen nos Frentes constituídos. VII. Explicación, polos Representantes dos Frentes, do programa mínimo acordado. VIII. Exposición do tema das eleccións municipais. IX. División da Asemblea por Agrupacións para nomear as Comisións que, en colaboración coa Coordinadora xa existente, han programar a campaña cara as municipais. X. Análise político da situación e as alternativas posibles. Para rematar o programa cun coloquio.

O calendario das Xornadas foi este: sábado 4, Lugo; domingo 12, Compostela; sábado 18, Pontevedra; domingo 19, Ourense; sábado 25, Vigo; domingo 26, A Cruña. As xornadas de Pontevedra é ás que corresponden a fotografía adxunta.

CORRESPONSAL

CELSE EMILIO FERREIRO EN GALICIA



Convidado polo Real Coro Toxos e Froles, acudiu a O Ferrol o pasado día 10 do Marzal, para dar unha conferencia encol de «Curros Enríquez, emigrante» o noso compañeiro Celso Emilio Ferreiro, quen falou analizando detidamente a etapa da emigración de Curros na Illa de Cuba. O remate, e a petición do público que enchía o grande local, recitou tres poemas da súa importante obra persoal.

Celso Emilio neste viaxe a Galicia, ofreceu tamén un recital de poemas en Santiago, invitado pola Agrupación Cultural «O Eixo». E, derradeiramente, dempóis da conferencia do Ferrol partiu pra súa vila natal, Celanova, co gallo de pechar os actos organizados en relación ó milenario desta histórica vila da terra de Curros.

BR. LI.
Corresponsal no Ferrol

O Partido Galego do Proletariado

Co novo nome de Partido Galego do Proletariado acaba de aparecer outro colectivo soberán no abano de forzas políticas galegas.

A base do P.G. do Proletariado provén da finada Unión do Pobo Galego (Liña Proletaria): ponía esgazada da proximidade U.P.G.

Os alicerces ideolóxicos do P.G. do P. son: o nacionalismo e a práctica do marxismo leninista. O recén nado partido revolucionario —que ficará voluntariamente na clandestinidade—, tratará de axeltar polo dagora a súa praxis á realidade política do País galego; mais no futuro, non renuncia, entre outras tácticas, ao movemento popular de liberación nacional por métodos non pacíficos.

Galicia Socialista saúda ós patriotas e compañeiros nacionalistas no degoro común dunha Galicia ceibe e socialista.

OS PNN E A ESCOLA DE MAXISTERIO DE LUGO

O día 1 de marzal celebróuse unha roda de prensa cos Profesores Non Numerarios da Escola de Maxisterio de Lugo. Nela espuxéronse os problemas que teñen plantexados os devanditos profesores, así como os que atínguen á Escola.

GALICIA SOCIALISTA ESTIVO ALI

Dixose que desde o ano 1970 as Escolas Normais convertíronse en Escolas Universitarias de E.X.B. Isto foi teóricamente, xa que a integración foi relativa, ficando pendente a integración do profesorado. No devandito ano, e progresivamente á medida que aumentan os recentes cursos do novo Plan das Escolas de E.X.B., o M.E.C. aumenta a plantilla de personal docente a base de profesores interinos e contratados que hoxe significan o 85% do total. A este novo profesorado esíxelle o título de licenciado, pero págaselle aplicando coeficientes inferiores a esta categoría profesional. Por outra banda, a integración non foi total, habendo aínda centros que teñen cátedras correspondentes ás antigas Escolas Normais.

A solución a estes problemas frouxouse polo rumor, e incluso afirmación de que saíra un Decreto que regularía a integración de catedráticos de Normal en catedráticos de Escola Universitaria. Dito proxecto de Decreto non saí, e pola banda do Ministerio non existe información ningunha. O diálogo co M.E.C. foi desviado sempre cara o problema da autonomía universitaria e o seu futuro Estatuto do Profesorado.

Os PNN esixen que se poña en vigor a integración tal como se contempla na Lei de Educación e piden información de cómo se contempla o Proxecto de Estatuto do Profesorado.

Deste gran problema derívanse outros como pode ser o da Seguridade Social, xa que os contratos, que rematan o 30 de setembro e comezan o 1 de outubro, leva tramitaos polo menos uns tres meses e hastra esa data non se entra en nómina, así que se desconta unha cota de Seguridade Social e non se entra en nómina hastra decembro.

Por outra banda fálanse da creación dun novo corpo de profesores adxuntos ao cal terían acceso os PNN como profesorado auxiliar; isto levaría consigo unha degradación tanto profesional como económica.

Na roda de prensa abordouse tamén a problemática específica da Escola Universitaria do Profesorado de E.X.B. de Lugo. É coñecido de todos o mal estado en que se atopa a Escola e as súas deficiencias, chegándose ao extremo de que chove nas aulas, de que hai unha biblioteca que non funciona, de que hai un ximnasio no que é impracticábel a Educación Física, da inexistencia de calefacción, etc. Nesta Escola rústica, tanto polo material como polo edificio en si, lévase a cabo a formación de 960 futuros mestres por 19 PNN, 3 catedráticos e 3 profesores especiais. Ademais resulta que para algunhas asignaturas hai só un profesor, como ocorre con Historia e Xeografía.

GALICIA SOCIALISTA FAISE ECO.

CORRESPONSAL

Manifestación no Ferrol pola crise da construción naval

En sinal de protesta polo desenrolo das negociacións dos convenios que se estaban a levar a cabo nas empresas Bazán e Astano e en aberta crítica á crise da construción naval, foi convocada polos Consellos de Delegados destas empresas, chamando a tódolos traballadores e comerciantes, e así como contando coa certa participación de preto de 8.000 parados que hai nesta cidade, unha manifestación o pasado día 18 de marzal, que se desenrolou dun xeito normal e sin incidentes.

Prácticamente a totalidade dos Partidos políticos e Centrís sindicais estiveron presentes respaldando as pancartas nas que se podía ler: «Convenios xustos, solución á crise naval», «Garantía de postos de traballo, amnistía laboral», etc. nun número aproximado de medio cento. Chegados á plaza de Armas os representantes dos Consellos de Delegados de Astano e Bazán agradeceron a presenza de toda aquela xente que daba a imaxe do despertar do pobo traballador ferrolán ante o problema común. Seguidamente deuse lectura a unos escritos remesados ós Ministerios de Industria, Economía e Traballo, que serían cursados ó traveso do Alcalde da cidade. Nos devanditos escritos púñase de manifesto o número de parados que se atopan nesta Vila e a enérxica actitude que en materia de reivindicacións económicas está levando a cabo as empresas sinaladas, mermando polo tanto a capacidade adquisitiva dos traballadores que dos salarios atuais se deriva, diante da escalada dos prezos. Se a todo isto sumamos que os problemas de índole económica repercuten sempre de xeito especial e desfavorablemente máis en Galicia que no resto dos países do Estado español, os Consellos de Delegados denunciaban tamén no escrito a falta de correspondencia das direccións das empresas nas negociacións, alegando recursos máis en consonancia cas épocas pasadas que co tempo de consolidación democrática que andamos a vivir. Por todo a consecución de convenios xustos en Astano e Bazán aseguraría a supervivencia de sectores produtivos como o do Comercio, Transporte, Construción, etc. Pasaron máis tarde a facer un análise das medidas a adoptar, arredando as de carácter técnico das de índole política. Derradeiramente entraron a falar co Alcalde pra lle facer entrega dos escritos, quen prometéu facer copia pra remesar ó Gobernador Civil, que, asegúñ el, é unha persoa que se sente interesada por tódolos problemas que atínguen á súa provincia...

Br. LL. Corresponsal no Ferrol

HOMENAXE A PONDAL



A concienciación política comeza na cultura, pensan os compañeiros de Ferrol, e o certo é que pensan ben. Castelao, Pondal e Curros atopáron xa á publicidade da parede artisticamente arraxada; mañá han ser Otero, Rosalía, Cabanillas, Bóveda, etc.

¡E quén sabe cánta xente terá o seu primeiro coñecemento do nacionalismo galego ao traveso da cultura levada aos muros!
Velaí unha forma de facer cultura popular.

HERMOTECOA GENERAL
CEDOC

10
DE
MARZAL
DE
1972
FERROL



NO ANIVERSARIO DOS SUCECOS DE MARZAL DO 72

O pasado día 10 cumpriáse seis anos daquela data na que dous traballadores de Bazán —Daniel Niebla e Amador Rei— morrían na Ponte das Pias polos disparos da policía, mentras dúas de feridos —un número indefinido por ser moitos os que recorreron para curarse a médicos e practicantes amigos—, saían vivos por pura casualidade. Dous mortos e quen sabe cantos feridos na reivindicación dun convenio máis xusto.

Para o pobo de Ferrol segue latente a lembranza daqueles días inesquecibles. Daniel Niebla e Amador Rei, dous obreiros de recoñecida honradeza simbolizan aquí a tantos mártires como produciron as loitas das clases traballadoras contra da explotación salvaxe e a represión brutal de todas as ditaduras.

Cada ano vense conmemorando con diversos actos aquel 10

de marzal de triste recordo. Nesta ocasión CC.OO. e o PCG depositaron ás 9 da mañán unha coroa de froles no lugar onde caíron mortos os dous obreiros, e ás 7 do serán no cemiterio de Catabois, repetíuse a ofrenda floral nas covas de ambos. Tamén a ING fixo a súa ofrenda.

Pola súa banda os partidos PSG, LCR, PSPG, POG, QRT, UPG, PSOE e PTE, e as centrais sindicais UGT, CSUT, CNT e SLMM, convocaron ao pobo para unha marcha que saíu dos Cantóns de Molins para chegar ao lugar onde se produciu o enfrentamento e a morte dos dous obreiros, para ler un comunicado no que se lembraba o seu sacrificio heroico.

A manifestación iba encabezada por unha gran pancarta coas siglas de todas as forzas convocantes, na que se lía «ONTE HOUBO OBREIROS MORTOS, MAÑÁN HABERÁ HOMES CEIBES».



Unha das mitificacións máis extendidas desde 1957 é a identificación de Europa coa chamada Comunidade Económica Europea e que popularmente quedou con moita maior xusteza definida como Mercado Común. Mesmo aqueles países ou oposicións que refugan o posíbel ingreso manteñen esa impostura. Criticar ou rexeitar os mecanismos nados do Tratado de Roma ven sendo tanto como ser hostil á construción de Europa en nome do nacionalismo máis estreito. A realidade é xustamente o contrario.

Durante moitos anos os países capitalistas de Europa seguiron unha política de proteccionismo estatal que defendía as empresas locais dos competidores estranxeiros e aseguraba no Exterior o control dun imperio ou cando menos dun mercado.

Os capitalismo europeos comezaron a seren socavados polo ano 1950 co desenvolvemento das empresas multinacionais que entraban en conflito coas estruturas estatais defensoras dos intereses das firmas locais.

Non podendo contar xa con gobernos desarmados e impotentes ante as novas formas de intervención das firmas multinacionais, as empresas máis modestas intentaron recrear a escala de 6 países, que logo serían 9 os mecanismos que lle servirían de apoio. Pero para que unha verdadeira comunidade europea xurdira dese proxecto cumpría que un mesmo oxetivo ou polo menos un mesmo interese unira ós seus promotores e os opuxera ó mundo exterior. O único punto común das empresas europeas é a procura do beneficio, oxetivo que comparte coa totalidade do mundo capitalista e sobre o cal non pode en consecuencia basearse ningunha solidariedade especificamente europea. Esta falsa «construción europea» faise en nome da libre empresa, en beneficio do capitalismo en xeral calquera que sexa a súa nacionalidade e aínda máis en proveito de quen non ten ningunha.

O oxetivo estableceuse nidiamente no art. 3.º do Tratado de Roma «...a abolición entre os Estados membros dos atrancos á libre circulación de persoas, servizos e capitais...» e co establecemento dun réxime que asegure a concurrencia non falseada no Mercado Común. Nin a mínima traza de Europa en todo eso.

Suprimidas as barreiras aduaneiras os competidores poderíanse enfrentar sin limitacións cun mercado de 200 millóns de consumidores protexido da competencia estranxeira por unha tarifa exterior, unha infraestrutura industrial sólida, unha man de obra especializada e unha vella tradición imperialista que permitía esperar o rexurdír cara a conquista de outros espazos. Esperando que gáñase o mellor ou o máis forte e para asegurar o respecto ás regras do xogo establecéronse certos árbitros como a Comisión das Comunidades.

As institucións comunitarias non teñen nada de gubernamentais no senso de que as institucións estatais teñen sido os lugares onde se enfrentaban as forzas que exercían nun Estado e onde se expresaba o equilibrio de forzas da política nacional. Son únicamente xueces nomeados por un tempo limitado. Non teñen outra función que asegurar que ningúna faga trampas, que nada poida impedir a lei do máis forte. É esta xogaría en favor das filiais europeas das empresas orixinarias de USA, que dispoñían dun serio avance tecnolóxico, amplas estruturas financeiras capaces de absorber unha perda pasaxeira para tomar o control do mercado, técnicas de mercado adaptadas a unha economía de empresas multinacionais e de sobrecrecemento, axudadas polo diabólico e potente instrumento dos eurodólares. As empresas americanas serían as verdadeiras gañadoras e son realmente elas as beneficiarias das novas estruturas do mercado en Europa.

A existencia dunha tarifa exterior é tan inútil como unha rede para gardar a auga, na defensa dos produtores europeos xa que non evita o control financeiro dunha empresa ou dun sector pola participación no capital.

Tendo en conta que toda discriminación en razón da nacionalidade estará prohibida, a Comisión non pode opoñerse ao desenvolvemento de empresas que, encontrándose en Europa desde hai anos, teñen realmente unha estratexia a-nacional. Máis ben o contrario, cando mellor executen a misión que lle foi encomendada, máis favorecerán o desenvolvemento das grandes empresas sexan americanas, xaponesas ou a-nacionais.

Os mecanismos do Mercado Común non xogan máis que para facilitar a aplicación das leis do capitalismo. Ningunha política europea pode ser executada en ningún sector, agás no agrícola e neste caso porque non chega coas leis do mercado para facilitar a adaptación espontánea das súas estruturas ás necesidades do capitalismo moderno. A política de prezos agrícolas non persigue outro oxetivo que a concentración das explotacións.

Se a modernización da agricultura faise pola intervención, noutros sectores nin é nin será posíbel. O exemplo máis choqueiro témosto na Euratom, símbolo irrisorio da candidez europeísta. Neste terreo como no da informática e nas industrias punta, todos os países dentro ou fóra do Mercado Común están no xogo dunha fantástica batalla librada entre xigantes mundiais, como Westinghouse, General Electric, etc.

Desde que o Tratado de Roma está en vigor ningunha solución foi aplicada en nome dunha concepción propiamente europea. O máis frecuente é a aplicación da estratexia entre dúas empresas ou na execución dunha soa empresa multinacional.

A unificación en canto ás regulamentacións de transportes, seguros, etc. non constitúe unha política europea en tanto que non hai que confundir a armonización das condicións técnicas de produción e dos intercambios cunha política, eso é, coa definición duns oxetivos a partir dunha elección deliberada e a toma de medidas necesarias para acadar os fins perseguidos. A armonización de factores técnicos onde as disparidades entre as lexislacións nacionais poden perturbar o funcionamento das grandes empresas á escala do continente é o mesmo que adoptar un solo ancho de vía para os ferrocarrís, pero eso nada ten que ver cunha política común.

Sería un erro pensar que se pode remediar a ausencia de política europea reforzando os poderes das institucións de Bruxelas, creando un Parlamento europeo elixido por sufraxio universal e un executivo responsábel diante del.

Canto máis poder teñan as institucións comunitarias máis o exercerán para desmantelar e desfacer canto poida frenar o desenvolvemento do capitalismo salvaxe. Toda decisión en contra deste proceso, non pode máis que ser tomada en función de criterios ausentes no Tratado de Roma e en nome dunha ideoloxía contraria á que subxace no Mercado Común.

Certo que a concentración da produción e a modernización das técnicas, o incremento da rentabilidade, aumentaron o nivel medio de consumo no Mercado Común. Pero isto só é verdade para quen se encontran na corrente de expansión. Paralelamente e polos mesmos mecanismos as diferencias aumentaron considerablemente entre as rexións máis desfavorecidas e as outras, entre os sectores punta e os máis atrasados. Como sempre o crecemento capitalista tivo como efecto esmagar ós máis probes. Para os outros o incremento do poder de consumo tivo como contrapartida unha agravación das condicións de traballo e de vida, o incremento da mobilidade, isto é, o paro máis ou menos temporal, o incremento da produtividade e do ritmo de traballo, a concentración da produción, o amontoamento nas barriadas e a inseguridade do domicilio unida á do traballo.

Por outra banda o Mercado Común tampouco creou, como poida pensarse, as condicións necesarias para que unha Europa capitalista poidese aparecer. Para falar desa Europa téñanse que ter fixado os oxetivos que a opoñen ás outras potencias mundiais, creando as institucións capaces de tomar decisións necesarias para acadar eses oxetivos e dotarse dos medios para aplicar a política así definida.

As institucións non son máis cá expresión dun equilibrio entre forzas que se manifestan nun intre dado; non pode haber unha Europa capitalista máis que se existen capitalismo europeos, e o Mercado Común comporta os mecanismos que impiden a aparición dunha patronal europea; as institucións europeas, por outra banda, non poderían expresar intereses que fosen específicos da burguesía europea fronte aos intereses de grupos alleos. Nin nacer empresas europeas, nin unha clase dirixente protectora de intereses contra os corsarios exteriores. E tal a suma de negociacións non pode xerar unha realidade política nin facemos creer que este fracaso comercial é a primeira fase da «Construción de Europa».

A evolución económica que aumentou a mobilidade dos traballadores, agrupándoos en determinadas zonas, mentres se manteñen as fronteiras políticas, vai-nos transformando en inmigrantes permanentes, desprovistos de dereitos políticos e sindicais e xa que logo vulnerábeles e sen medios de loita contra dos patróns. Desenvolvemento unha gran solidariedade entre todos os traballadores de Europa é unha tarefa urxente e imperiosa. Na evolución que se está a producir Europa e Socialismo deben ser dúas ideas tributarias. Mentras o Mercado Común e os medios de instalación do capitalismo a-nacional se opoñen á realización de Europa, o Socialismo debe proporcionar a ideoloxía, as estruturas e os medios dun desenvolvemento que corresponda a unha elección consciente dos pobos, e non aos mecanismos de procura de beneficio das multinacionais. E esa debe ser unha preocupación primordial: a creación dunha Europa socialista de pobos ceibes, isto é, a antítese do Mercado Común.

CEDOC

ENQUISA «GALICIA SOCIALISTA»

A unidade dos socialistas, nunca poderá ser construída sen ter en conta que España debe ser o marco formal dun Estado plurinacional. A existencia de partidos que son ao mesmo tempo socialistas e nacionalistas ven sendo acusada como un atranco para a devandita unidade e para a liberación das clases traballadoras.

¿Suplantadores da política pola mitoloxía, da ciencia pola utopía, ou constructores do porvir nun socialismo sen modelos?

Os pobos non fan a súa historia arbitrariamente e os partidos nacionalistas son parte desa historia.

Abrir un debate no país, fora do marco partidario encol deste tema era o oxectivo desta enquisa urxente que «Galicia Socialista» dirixiu a persoas de partidos e mais a independentes, moitos non responderon, outros aportaron os seus puntos de vista a esta controversia. Velahí están as súas respostas e o noso agradecimento.

Independiente

XUSTO GONZALEZ BERAMENDI
Filósofo

1.—O mesmo que en caquera outra nación asoballada e máis economicamente colonizada: despartar a conciencia das causas reais da opresión política e o subdesenvolvemento económico; operativizar politicamente esa conciencia e loitar pola consecución dos dous obxectivos básicos que lle deron nacemento, ambos os dous estreitamente vencellados: a eliminación do atraso e da opresión nacional. Isto para todos os partidos nacionalistas en xeral. Se, ademais de nacionalistas, os partidos son socialistas —no senso de plantearse sería e verdadeiramente o paso a unha sociedade socialista entón a esas dous obxectivos engáñase un terceiro, en pé de igualdade con eles: a loita pola emancipación económica dos traballadores, ou seña, a loita porque esa saída do atraso a esa liberación nacional se faga, non seguindo esquemas político-económicos de corte burgués, e capitalistas senon avanzando simultaneamente de cara á substitución da sociedade capitalista pola sociedade socialista. Desgraciadamente e por causas históricas múltiples, que sería moi longo detallar aquí, os partidos galegos non poideron cumprir deica hoxe máis que unha parte do seu papel.

2.—Que eu sepa, as causas que os fixeron nacer algun al, e ningún outro tipo de partido amosou deica agora a súa vontade de loitar polos obxectivos devanditos como o fixeron e o fan os galegos, e dúbido moito que cheguen a facelo, deixando aparte, por suposto, as asuncións oportunistas de bandeiras aliadas para ganar máis votos. Polo tanto, non somente non debían desaparecer senón que deberían fortalecerse pois aínda teñen por diante clase que todo por facer. Outra cousa é, claro está, que anque non debían desaparecer, chegaran a desaparecer de todos os xeitos, abafados polo maremoto desta «democracia» a española resida e dosificada por uns estados maiores que queren colocarnos a todos diante dunha falsa alternativa: ou as «unidades» (de centristas, socialistas, comunistas, etc.) de destino en lo electorale ou a caos (léase ditadura militar).

3.—Parecéme unha formulación excesivamente abstracta, que pode dar lugar a interpretacións diverxentes, e hastra antagónicas. Pero supoñendo que a súa concreción sexa acorde coa liña política suscrita deica hoxe polo PSG, coido que tales condicións son as mínimas para a supervivencia dun socialismo galego, digno de tal nome, tanto no que se refire ao de socialismo como ao de galego (e non rexionalismo máis ou menos disfrazado).

P.G.P.
PARTIDO GALEGO
DO
PROLETARIADO

XOSE LUIS MENDEZ FERRIN

1.—Xurdiron á dous partidos propios: o PSG e a UPG. E non unicamente como resposta á nosa situación de subdesenvolvemento e dependencia, senón ao feito de que o grupo de R. Piñeiro tiña liquidado ao PG e facíase necesario edificar organizacións antifascistas de liberación nacional. O galeguismo culturalista emanado de Galicia debía ser ultrapasado e substituído por unha esquerda nacionalista. E así foi, cos recoes naturais da dereita galeguista.

O papel cumprido por estes partidos hastra hoxe foi decisivo: en grados distintos. Introdución o nacionalismo na clase obreira e no resto do pobo, organizaron vastas masas populares en diversos frentes baixo a bandeira da autodeterminación, resucitaron e dotaron de novo senso ao movemento agrario. Na altura do CPFG fixéronse mediante a súa unión coa hexemonía da esquerda en Galicia. O proceso político iniciado, pois, en 1963 revélase hoxe cargado de senso e o balance é positivo.

2.—Quen debe desaparecer dos partidos nacionalistas son os que afirman que estes constitúen un atranco pra liberación de Galicia. Na chamada sucesión española hai sido por todos estes escaladros, aspirantes en Corte e outras especies que ven que unha correcta postura nacionalista non lles é rentábel prís súas carreiras individuais. Hai que desoportunizar de que a porta dos partidos nacionalistas serve tanto pra entrar como pra salir. Exactamente igual que a do PSOE ou a do PCE.

Certamente, o postfranquismo monárquico desmantelou o movemento nacional-popular con maior eficiencia —en algúns aspectos— que a represión fascista. Pero, polo menos, serviu pra saber o quén é quen das persoas que se declan militantes. O que non pasaba de populista apatritótico simplemente, acentou unha histeria peculiarmente fascista i entregouse á dialéctica dos puños, dos insultos e das bandeiras: o que era, en profundidade, socialdemócrata, eliminou un linguaxe leninista que endexamais lle servira máis que como vestido, e ofrecíase sinceramente n; o que sempre fora socialista de esquerda ou comunista de práctica nacional-popular, perseverou. De todo isto xurde unha vía histórica: reforzar o movemento nacional-popular, afinar os perfís dos partidos nacionalistas, remodelar de novo a arquitectura do Frente que ha liberar a nosa patria. Como no título dunha novela galega, neste labor chamamos por todos, por non agardarmos por ningún.

3.—Confeso non estar preocupado pola unidade dos socialistas. Non hai en Galicia máis que dous partidos que poidáramos chamar socialistas: o POG e o PSG. Todo o que se faga pra facelos converxer na práctica, será pra ben. As diferenzas teóricas de ambos partidos poida que só sexan diferenzas retóricas. De todos xeitos, a convivencia, a loita común, a unidade nacionalista e o tempo, irán dictando como se practica a unidade POG-PSG.

Oráben, se do que se trata é —como sempre pareceu intentar certo sector derelista, españolista e arrivista que un cego pode detectar no seo do PSG— de liquidar o voso partido e convertilo na Federación Galega do PSOE, o que moi influentes figuras do galeguismo histórico tamén intentan, entón hai que afirmarse e dicir que non. Vós e nós e todos os nacionalistas. Porque o PSG, se se trata de súa liquidación, é negocio que nos afecta a todos.

Aí, entendo que habería que atopar os nebulosos e difusos acordos do voso Congreso: habería que robustecer a liña de esquerda nacionalista en todos os escalóns do PSG; habería que limitar a política de unión dos socialistas ao ámbito galego, reducindo a discusións do PSG-POG; finalmente, habería que efectivizar unha política de Frente de Liberación Nacional que substituíse a calquera outra ceste de alianzas. E os responsábeis, hoxe, de esta labor son as dúas UPG, o PSG, o POG e os militantes asambleiros. Responder a este planteamento coa evasiva de que é inviable, ou idealista, ou utópico non serve senón pra emascarar ou disimular outra alternativa política tan clara como a de FLN: a alternativa de unidade coa esquerda española. ¿Co PSOE, co PCE, co PCE (R)? Evidentemente, a solución de unidade con toda a esquerda non é menos inviable, idealista, etc. Simplemente, trátase dunha política distinta.

Entendemos que hai que forzar a política de FLN. E cando o Segretario Xeral do PCE-PCG non invitou ao seu Congreso senón aos que consideraba nacionalistas remotos e babexos improprios revandistas contra o que definiu como extremistas, o que estaba a facer era intentar romper a política de FLN no seu favor. Logo, a política de FLN é o enemigo máis temible do españolismo de esquerdas en Galicia. E, a actitude de Santiago Alvarez, un indicador de que estamos no certo.

1*.—Polos anos 80, como resposta á situación de subdesenvolvemento e dependencia, xurdiron en Galicia partidos políticos propios. ¿Qué papel cumpriron, na súa opinión, estos partidos nacionalistas deica hoxe?

2*.—Hai quen pensa que os partidos nacionalistas son hoxe un atranco para a liberación das clases traballadoras de Galicia. Na súa opinión, ¿teñen algunha función que cumprir ou deben desaparecer?

3*.—O PSG decote preocupado pola unidade dos socialistas, definiu congruamente que esta unidade ten que pasar por:

a) A identificación inequívoca do ideario e da estratexia do socialismo galego, indisoluble da identidade e a reivindicación nacional do pobo galego.

b) A asunción na práctica política dese ideario e desa estratexia socialista e da loita pola liberación nacional de Galicia, en vez da aplicación máis ou menos retocada, a Galicia, dunha política «nacional» española.

c) A exclusión de calquer concesión apriorística da representación a nivel do estado do socialismo galego a calquer organización existente, e a existencia de que o artellamento das organizacións socialistas do Estado español teñan a natureza dunha federación de partidos, e non dun soio, inda con estrutura interna federativa.

¿Qué opinión lle merece este acordo?



XESUS VEGA

1.—Na miña opinión, non pode facerse unha valoración homoxénea encol da actuación de todos os partidos de ámbito exclusivamente galego. Algúns deles mantiveron durante un certo tempo unha postura consecuente (maior ou menor según a época e as circunstancias) de loita polas liberdades democráticas e polos nosos dereitos nacionais. Outros, en troques, fixeron da súa afirmación nacionalista unha coartada para tentar que non se mirara o seu fondo e real derelismo anticomunista. Algúns, en fin, tentaron converter as nosas reivindicacións nacionais derelito de autodeterminación, artellamento federal... en factores de continua división popular levando adiante unha política sectorial que establecía como valor fundamental da mesma o enfrentamento máis agudo no seo da esquerda galega.

Non embargante, unha cousa tiveron en común todas estas forzas: a defensa dunha institucionalización política da nosa personalidade nacional. O enfrentamento derelito do franquismo a partes desa reivindicación foi, sen dúbida, un elemento de avance na conquista dos anos de liberdade nacional que hoxe temos.

2.—O meu Partido, o MCG, entende que a conquista revolucionaria dunha sociedade socialista en Galicia e no Estado resultante do libre artellamento federal dos pobos ibéricos esixe a posta en pé dun partido comunista en todo o Estado que leve adiante a política diversificada que debía existir polas condicións de desenvolvemento da loita de clases nas diversas nacións e rexións do Estado.

Ben, suñida esta premisa ideolóxico-política, teño que dicir que o problema principal, para min, non reside en establecer a comenenciencia ou non da pervivencia de partidos de ámbito galego. A cuestión reside na política que impulsen estes partidos, se estamos ante unha política que favorece nunha medida importante a conquista dunha Galicia ceibe e socialista ou non. A miña valoración de tales partidos estará condicionada, pois, aos criterios que inspiren a súa acción política nos diferentes intres históricos por máis que eu teña tomado xa unha opción estratéxica colectiva (militancia nun partido comunista de ámbito estatal).

3.—Desde os meus presupostos ideolóxico-políticos afirmo a miña opinión favorable á existencia dunha forza política verdadeiramente socialista, isto é, un partido que defenda a construción dunha sociedade socialista, libre do asoballamento nacional e artellada a partes poder político e económico protagonizado polas clases traballadoras. Polo tanto, todo aquilo que supoña un avance na consolidación dunha forza desas características significará, desde a miña óptica, un paso positivo e importante nesa dirección. As fórmulas concretas que deba revestir ese avance é un tema que corresponda debater ás forzas políticas susceptibles de levar adiante tal proceso.

Todos sabemos como, en nome da unidade socialdemócrata, algúns intentan pur e simplemente aforzar unha alternativa ridamente socialdemócrata, unha opción de xestión do capitalismo por unha forza de suposta «esquerda». Velá, se cala, o principal problema que latexa hoxe por debaixo desta debatida cuestión e vela, tamén, a responsabilidade histórica que teñen plantexada nestes intres os militantes socialistas galegos e do resto do Estado.

Independiente

LUIS ALVAREZ POUSA
Periodista

1.—Fundamentalmente e imprescindiblemente dinamizador. Foron sen dúbida a chamada urxente de conciencia política en Galicia. Partidos como a «UPG» e o «PSG» puxeron por riba da mesa e tamén na loita contra da represión franquista as bases dunha resistencia que fomentaría nos partidos sucesoralistas a necesidade dunha reconversión. Os partidos nacionalistas non poideron ser máis que revulsivos, á vez que potenciaban a conciencia galeguista. Reivindicacións como a da lingua serían asimiladas aínda que só fose tácticamente, por todos os partidos, a maior parte deles nun taxante esquema de «cooficialidades» sen máis.

Coido que houbo erros moi fortes na estratexia nacionalista. Un deles, o incomprendible enfrentamento entre os socialistas e os comunistas por unha banda, e o relegar a meras comparsas aos nacionalistas de derelitas, imposibilitando así un bloque táctico capaz de plantexar unha alternativa ao sucesoralismo. A experiencia, triste pola maneira que tivo de desaparecer, do Consello de Forzas Políticas Galegas, poidera ser nas pasadas eleccións xerais a plataforma desde a que chegar ao Parlamento no que agora temos, queráramos ou non, se xoga o futuro político máis próximo dos pobos do Estado.

Outro erro: o atrancar unha alternativa asamblearia que moitos sempre miramos coma un camiño aberto para que o pobo galego, que na súa reprimida preparación político-cultural non podía chegar a unha militancia disciplinada de partido, tomase conciencia da súa condición de galego e participase efectivamente nun proceso que en boa lóxica tería como obxectivo o seu autogoberno.

Co respecto que me merecen os mártires pola democracia e coa admiración que sinto polos que resistiron coa persecución, a cadea e as torturas tanto físicas como físicas para conquistar unha Galicia ceibe e socialista, plantéome a necesidade de dicir que o nacionalismo non é o usufruto dun partido determinado e que na unidade dos nacionalistas está o camiño de futuro para a nosa nación. Porque o traballador, que garda nun país capitalista e activa día a día unha función revolucionaria, non pode enfrentarse co compañeiro traballador, posto que a liberación nacional de Galicia pasa polo mesmo punto de unión de ambos os dous.

2.—Coido que queda respondida no dito anteriormente.

3.—Como nacionalista que me considero, e como socialista, coido que os pasos que propón o «PSG» para a unidade socialista teñen total coherencia sobre o papel. Pero a política xoga con poderes conquistados. Como nacionalista que non milita en partido ningún, entendo que a opción socialista en Galicia, que pasa necesariamente pola asunción da identidade e a reivindicación nacional do pobo galego, deba forzar a realidade dun único partido socialista. Neste senso, deixando a unha beira o problema dos cartos que o socialismo estatal ten resolto vía socialdemocracia alemá, habería que lamentar que o «PSG» non tomara posicións a tempo, o que tivo ao meu ver como causa principal o seu atascamento na universidade. Propiciar esta unidade e facer posíbel —cousa que se non se consegue, xa tería que volver sobor das miñas afirmacións— a hipótese dunha federación de partidos socialistas a nivel de Estado. O papel dinamizador que eu decía que tiveron os partidos nacionalistas durante os anos do franquismo, tería que plantexalo univertemente de novo o «PSG», coa mirada posta no «PSOE», desde unha postura de forza que viñera imposta pola unión da esquerda nacionalista na estratexia, e pola unión da esquerda na táctica a seguir para presentarlle unha alternativa á derelita.

P.O.G.

CAMILO NOGUEIRA ROMAN Inxeñeiro

1.—Habería que precisar en primeiro lugar que o xurdimento de partidos políticos nacionalistas nos anos sesenta foi tamén o resultado das novas circunstancias políticas deses anos e da tradición legada polas forzas e partidos políticos galeguistas do primeiro tercio deste século.

Dito isto considero que o papel daqueles partidos nacionalistas foi positivo por unha banda e quedou frustrado por outra. Foi positivo no sentido de que contribuíu decisivamente ao medro da conciencia nacional galega, incidindo ademais destacadamente nas posicións políticas das forzas de ámbito estatal. Quedou frustrado en cambio porque non conseguiron constituírse como partidos políticos hexemónicos de Galicia. Debemos ter de conta que as forzas políticas nacionais galegas que defenden os intereses e dereitos dos traballadores tiñan dous camiños no proceso de liberación nacional, asegurando o análise que fixaran da dependencia de Galicia: ben a formación dun fronte de liberación nacional, practicando unha política semellante á dos países colonizados do terceiro mundo, ben a formación dos partidos de masas, obreiros e dos traballadores, considerados e apoiados como tales polo pobo, que unirían dialécticamente a loita polo socialismo e a loita pola liberación nacional. Non conseguiron nin unha cousa nin a outra. O Fronte de Liberación Nacional non calou por non responder á realidade social e ás características de dependencia nacional galega, quedando ademais elivado por un sectarismo ou por unha inoperancia esterilizantes. Non existen por outra parte verdadeiros partidos obreiros e de traballadores, marxistas e de liberación nacional, sendo a súa formación e expansión unha tarefa que compre nestes momentos.

2.—Considero que a existencia de partidos nacionais galegos non só responde ao propio proceso de construción e de liberación nacional de Galicia, senón que ademais resultan absolutamente necesarios nas circunstancias políticas que vivimos.

Ora, hai que dicir tamén que estes partidos, desde a propia independencia, e buscando a unidade dos traballadores galegos, deben practicar unha política de alianzas que non estea determinada tanto polo carácter nacional galego dos partidos, como pola política que pratiquen realmente no camiño da liberación nacional e do socialismo, sexen os aliados partidos nacionais galegos ou partidos de ámbito estatal.

3.—Non estou de acordo en plantear este problema a nivel do espazo socialista. Considero que o problema dos espazos políticos pertence a unha funcionalidade da sociedade capitalista que non comparto. Máis aínda, considero que calquera partido que planteo o problema deste xeito está abocado á fusión con partidos socialistas de ámbito estatal ou á desaparición.

Eu plantexaría o problema a nivel dos partidos obreiros e dos traballadores, denominándose comunistas ou socialistas, para que a través de alianzas ou de hipotéticas fusión levaran adiante a loita polo socialismo e a sociedade sen clases.

Neste sentido debemos analizar, claro está, cales son as formas axeitadas para que os partidos das distintas nacións do Estado leven as necesarias accións políticas comúns nese ámbito. Coido de todas maneiras que este é un proceso dialéctico que ten pouco que ver coa discusión de quen sou ou non sou a nivel de siglas os verdadeiros socialistas ou comunistas galegos.


Independiente

X. A. CACIÑO

1.—É evidente que, sen o labor dos partidos nacionalistas xurdidos nos anos sesenta (é dicir, partidos nacionalistas de esquerda, que tentaban de darlle ó nacionalismo o seu verdadeiro contido, ao vencello ás clases populares), ningún falaría agora da liberación nacional de Galicia. nin xiquera poderíamos estar hoxe discutindo sobre a recortada preautonomía conquistada, porque as forzas vencedoras nas eleccións do 15 de xuño non terían a máis mínima preocupación por algo que agora tampouco se ten, pero que o asumen de xeito oportunista. Os partidos nacionalistas —aunque poida falarse da súa debilidade, como a de toda a esquerda, no conxunto do atasco político do noso país— cumpriron un papel decisivo na conformación dunha mínima conciencia nacional galega, arrastrando mesmo a forzas políticas claramente centralistas, que tiveron que plantexarse a cuestión nacional galega, aunque sómentes fora por oportunismo.

2.—Na medida en que esteamos convencidos de que Galicia é unha nación, a que o seu proceso de liberación nacional está por rematar —mesmo diría que está por comezar—, está claro que deben seguir existindo e potenciándose os partidos nacionalistas. Non hai ningunha razón especial para defender a súa existencia, nin hai que asignarlles ningunha misión específica. Deben existir simplemente porque existe a nación galega, aínda que a súa existencia non teña a personalidade xurídica e política axeitada. Nun contexto social diferenciado, é lóxico que xurdan organizacións políticas diferenciadas, sen detrimento de que logo se monten todas as federacións que se queiran con organizacións ideoloxicamente afíns de calquera outro espazo xeográfico.

3.—No terreo dos principios, paréceme que o acordo do PSG, respecto da unidade socialista, é correcto. Penso, no entanto, que o problema estriba no momento en que a unidade se plantea, e na correlación de forzas entre os distintos grupos políticos socialistas. O feito de que o PSOE sexa a segunda forza política do Estado e que, en Galicia, sexa o único partido de esquerda con representación parlamentaria, colócaa en posición predominante, para impoñer as súas propias condicións. Isto convirte en inviable a proposta do PSG, de cara á unidade, aunque, por outra parte, plantea o dilema de se paga a pena a unidade ao prezo de que desapareza o socialismo galego, como opción específica, ou se será posíbel loitar desde dentro do PSOE ate conseguir a federación de partidos que se pretende. As dúbidas dos socialistas cataláns para integrarse definitivamente no seo do PSOE, co que foron xuntos ás eleccións do 15 de xuño, poden facernos pensar de que esa loita sexa posíbel. Persoalmente, quedame outra dúbida: a de se non estaría hoxe o PSG en mellor posición para encetar a unidade socialista, e para facer valer os seus criterios, se tivera ido ás eleccións de xuño nunha coalición semellante á dos cataláns. Para ser totalmente sinceros neste derradeiro e delicado punto, dire que nunca penlei, antes das votacións, que a forza do marketing publicitario —aplicado a un partido de esquerda— fora a lograr máis froitos en Galicia que a loita esforzada e difícil de moitos anos que outras forzas de esquerda, derrotadas o 15 de xuño, mantiveron en Galicia.



FRANCISCO VAZQUEZ


1.—Galicia sufriu un atraso político considerable durante a época franquista con respecto ás outras nacionalidades históricas. Cataluña e Euzkadi; o xurdimento, nos anos 60, de partidos de carácter nacionalista, foi un paso importante para crear unha dinámica política a nivel de Galicia, que servise para recuperar a conciencia histórica de Galicia e actuala a nivel estatal nun plano de igualdade coas outras nacionalidades, conservando a súa identidade nacional.

2.—Cumpriron o papel de acercar a Galicia histórica e autonomista á Galicia política de hoxenda, e acercar e identificar a liberación da clase traballadora co recoñecemento como nacionalidade que Galicia ten.

3.—A clase traballadora débese poñer na cabeza da loita pola liberación das nacionalidades e relacións asocialadas, xa que só desde unha perspectiva de clase pode entenderse a súa identidade e as aspiracións dos pobos e vencer estas aspiracións cunha estratexia internacionalista.

Desde un punto de vista político, a realidade orgánico-política (partidos políticos), débese de estruturar dun xeito paralelo ás aspiracións xurídico-institucionais (organización do Estado), e acercarse ambas, co fin de dar unha resposta ás necesidades e ambicións da clase traballadora.

Como socialista penso que só unha resposta a nivel federal, que parta do recoñecemento do dereito de autodeterminación, pode dar forma ás aspiracións nacionais de Galicia, e organizar efectivamente a loita das clases traballadoras das diferentes nacionalidades e rexións, para ir construíndo o socialismo.



INDALECIO TIZON COVELO Secretario de Relacións Políticas da Federación Galega - PSOE

1.—Os partidos políticos xurdidos despois do 60, na corrente da antiga concienciación galeguista, desenvolveron o importante labor de estudar a sensibilización política da xente, apresentando novos planteamentos da vella problemática da Nosa Terra.

2.—A miña opinión é que non deben desaparecer ningún dos partidos políticos democráticos. A presenza dos partidos nacionalistas no panorama político, cubre un espazo significativo e sirven de agulilla para que as reivindicacións de Galicia non señan esquecidas. En canto á liberación da clase traballadora, aquí ou noutro lado, terán que intervir todos os partidos democráticos da esquerda.

3.—a) O ideario socialista democrático é un solo, con poucas matizacións. Parte da declaración de principios feita por Pablo Iglesias. As demandas dos traballadores galegos como clase, e da Nación Galega como pobo, a súa liberación como tales, está asumida polos socialistas que militan noutros partidos, federados a nivel do actual Estado, tendo a ventaxa da solidariedade do resto dos pobos, na súa loita.

3.—b) A política federal dun partido como o P.S.O.E. que establece para os partidos que o integran ampla liberdade para o tratamento dos problemas específicos da nacionalidade onde están enclavados, amosa con nítida clareza que non existe unha política nacional única e rápida, senón un programa trefe que se aplica, no espazo e no tempo, asegurando as peculiaridades territoriais e a realidade vivente.

3.—c) A resposta xa está clásica dada dezan. Ao meu ver, é moito menos doado manter o vencellamento político, cara o interior e para fóra, nunha federación de partidos, que non solo gran traballador, por numerosos partidos das nacionalidades e rexionalidades nel federados. Un estatuto marcho no sustantivo, diversificado para as necesidades federais, presenta menos dificultades cá unha multitude de estatutos ás veces pouco axeitados para conceniar operativamente.

Esto responde, para nós, como partido, ao artefacto que degoramos para o Estado; ambas as formas han de ser por forza congruentes.

A mínima magnitude das distintas concepcións encol deste trefe, non pode —non debería— constituír un atranco para a unidade socialista en Galicia.

Pola nosa banda, a mesa sempre está tendida.

Indalecio Tizon Covelo
Secretario de Relacións Políticas do Partido Socialista de Galicia - P.S.O.E.

Independiente

XOSE FORTES BOUZAN

1.—Coido que o feito de que polos anos 60 xurdiron partidos políticos nacionalistas hai que velo nun marco —máis amplo co da simple resposta—.

No tocante ao seu papel, habería que falar en singular. En conxunto pódese dicir que cumpriron un importante papel de sensibilización encol da cuestión nacional, que chegou a repercutir fortemente aínda nos partidos de ámbito estatal.

2.—Primeiramente habería que distinguir entre partidos nacionalistas «interclassistas» e partidos nacionalistas «de clases». Estes últimos non poden ser un atranco para a liberación das clases traballadoras, que é inseparable da liberación nacional. Poden, no entanto, non acadar o grado de eficacia necesario, sobre todo na medida en que a súa actividade sexa orientada a afiar a ferramenta ideolóxica máis que a acadar unha operatividade.

A cuestión non é desaparecer ou non, senón, máis ben, valorar a capacidade de transformación da realidade na dirección dos seus oxeivos. Desta valoración debe depender a opción entre permanecer illado ou aplicar o criterio de que, na política, a miúdo, sumar ven sendo multiplicar.

3.—Tarefa moi importante é a da unidade ou converxencia operacional dos socialistas. Non compre esquecer que a dereita sempre se acaba xuntando. E cuestión de compatibilizar intereses. A esquerda, como non ten, por sorte, eses intereses, senón outros máis lonxanos, ten que ser moi consciente de que é preciso flexibilizarse ideoloxicamente nun abanico amplo aunque definidos para poder converterse nunha alianza que sexa capaz de rachar os aparellos que impiden a liberación das clases traballadoras.

Tocante aos acordos do P.S.G. sobre a unidade dos socialistas, penso que a realidade real está no punto «C» (federación de partidos e non partido federal) polas seguintes razóns:

a) A experiencia dunha federación de partidos socialistas xa se fixo e fracasou.
b) A condición tradúcese nunha imposibilidade de negociación co PSOE. E, aunque o PSOE, con ou sen PSP, non é todo o socialismo, é unha forza que non se debe ignorar.
c) Por outra banda, paréceme discutíbel esta existencia, que impide feito a unidade ou a converxencia operacional dos socialistas, porque rexeita a estrutura de partido federal, inda estando garantizada a autonomía dun partido socialista galego (que podería ter a súa propia representación como grupo parlamentario a nivel de Estado), cando o oxeivo é un estado federal.

Coos meus bós desexos e a esperanza de que os atrancos acaban sendo sueprados.

Socialista Independiente

LUIS ARANGÜENA BERA Abogado

1.—Penso que ningún, con un mínimo de honradez política, pode deixar de reconecer o decisivo papel xogado por tales partidos nuns anos duros e difíciles. A eles correspóndelle o mérito de ter conseguido que o pobo galego recuperare a súa conciencia nacional.

Nembargantes, entendo que a aportación máis importante destes partidos foi o seu análise lúcido e rigoroso da realidade galega, da natureza da situación de explotación e sometimento que caracteriza a aquela e das verdadeiras causas que determinaron que ela sexa así. Ao mesmo tempo, tiveron o acerto político de propoñer, partindo dese análise, unha estratexia propia para a construción do socialismo, único sistema capaz de poñer remate á dobre explotación que, como clase traballadora e minoría nacional, sofre o pobo galego.

2.—Entraméntas se siga negando o dereito do pobo galego á utilización do seu idioma, naméntas a bandeira nacional de Galicia non sexa reconecida como tal, en tanto que Galicia careza dun goberno propio, libremente elixido polo pobo soberán, en suma, mentras non se reconoa a personalidade nacional de Galicia, opino que eses partidos aos que se refire a pregunta teñen que existir para seguir loitando, incluso aunque sexa a nivel testimonial, polos lexítimos dereitos do noso pobo.

3.—Ben, en liñas xerais paréceme correcto. Opino que a asunción na teoría e na práctica dun ideario que se propoña a construción do socialismo en Galicia partindo da propia realidade galega, diferente da de outras nacionalidades e pobos do Estado, é a formulación dunha estratexia específica cara á consecución dese obxectivo, deben ser puntos mínimos de obrigada coincidencia para todos os socialistas galegos. O cal require a apertura dun proceso previo de clarificación e debate a fin de constatar si a defensa dos intereses populares e nacionais de Galicia é asumida por todos os que se din socialistas.

Agora ben, pecharía de inícuo se non dixera que, para min, a existencia dun Estado centralista ao servizo dunha intereses concretos e determinados é unha realidade que non se pode esquecer, e que dita realidade condiciona os e mediatizanos. Na miña opinión é irreal pensar en acadar os obxectivos a que me refería dantes si previamente non se transforma radicalmente ese Estado. E iso require, deixando de lado deste momento, a posíbel formación dun fronte de esquerdas, a unidade do socialismo galego, como paso previo para o artefacto do socialismo unido nunha organización que abranxe a todo o Estado. A federación de partidos é unha posíbel solución, mais non a única.

Refugo, nembargantes, o que ese artefacto teña que pasar necesariamente por un esvaenamento organizativo que á larga supoñan a absorción por a simple dun grupo por outro. O tema é, sin dúbida, complexo e delicado. Hai que buscar fórmulas flexíbeis que permitan conciliar os intereses de cada pobo, de cada nación, cos do conxunto do Estado. Si este se concibe como un Estado federal, o socialismo debe responder a ese modelo, mais de verdade. O respecto á personalidade histórica e política de Galicia existe a presenza dun partido socialista, dotado de órganos de decisión e de dirección, que non sexa un mero executor de consignas decididas en instancias ajeas a Galicia.

CEDOC

FAI FALTA UNHA SANIDADE EN FUNCION DA SAUDE, FEITA EN GALICIA, FEITA PRA GALICIA, E CONTROLADA POLOS GALEGOS

O artellamento da asistencia ambulatoria, que é a máis directa para o usuario dos servizos sanitarios, ten dúas vertentes de todos ben coñecidas:

- a) Consulta ambulatoria
- b) Visitas domiciliarias.

Para isto o actual artellamento da S. S. dispón dos médicos de mención xeral e máis dos practicantes. Este personal, en servizos ordinario, ten de realizar o seu labor nun horario comprendido entre as nove da mañán e as cinco da tarde, agás das zonas rurais que é un servizo de 24 h. realizado polo médico.

Pras visitas domiciliarias, si este personal non está xa daccordo co doente en visíto, realízase mediante o aviso. Isto é, si unha persoa cae enferma de súpeto, os seus familiares ou veciños teñen que ir polo Ambulatorio, de non ser que coñezan o domicilio, clínica, traballo extra, etc., pra que alí lle digan onde é máis probable que atopen ao seu médico respectivo e ir chamalo. Entre as idas e as voltas, entre buscar e rebuscar, pódese perder facilmente unha hora. Unha vez atopado o médico de cabeceira, ten que ir co «avisador» hastra casa do doente (isto si o poñemos nas zonas rurais ou semirurais pode supoñer 1/hora máis).


Unha vez achegados ao leito do doente o médico faralle o seu recoñecemento e si non leva no seu maletín ningún produto que poda necesitar nese intre (ou si considera que a súa administración non é urxente) extenderá unha receta para que valian mercala á botica. O voltar á zona urbán (nas zonas rurais ou semirurais agás das concentracións ó carón das carreteras non hai boticas) ou da periferia da cidade na zona comercial onde se sitúan as boticas, pódelle levar ben outra 1/2 hora.

E temos, sin facer contas malintencionadas, que dende que decidiron saír a polo médico hastra que a medicación se atopa na cabeceira do enfermo, é dicir, dende que se decide atallar o problema hastra que se ten o remedio, que pasaron facilmente dúas horas. Isto dispoñendo dunhas comunicacións máis ou menos axeitadas na zona onde vive o enfermo, pois no caso contrario ben se pode alongar un pouco máis este tempo. Estamos, pois, nesas dúas horas que poden agravar grandemente o desenrolo dunha enfermidade ou que, por falta de asistencia, poden producir a morte dunha persoa.

Moitos dirán: Si, pro tamén hai uns servizos de urxencia nos ambulatorios. Dende logo, tamén hai uns chamados «servizos de urxencia» nos ambulatorios, servizos que traballan dende as 5 da tarde ás 9 da mañán, no tempo en que os médicos de cabeceira rematan o seu servizo oficial.

Xeralmente estes «servizos de urxencias», que en realidade se deberían chamar servizos de garda, es-

tán cubertos na meirande parte dos casos por un médico e un practicante. Elementos que se amosan insuficiente para lle facer frente á demanda de servizos por parte dos usuarios, pois deben cubrir o area que abrangue toda a mención xeral dise ambulatorio. Sendo iste unha das razóns polas que non se dá abasto nistes servizos nos que por falta de tempo material non se atenden nin os servizos a domicilio (o máis común é que si o médico non coida a cousa moi apurada non se move do ambulatorio) nin os de consulta de urxencia no ambulatorio (non hai urxencias radiolóxicas nin de análisis). Amáis disto cabería sinalar que a mala información sanitaria, facilitada e favorecida polos caciques da «crase médica», e o cadro angurioso que se desenrola o carón da enfermidade desvirtua moitos cadros de urxencia: un forte doer de cabeza, unha mesma sensación de anguria ou unha pequena febre poden ser in-



terpretados como problemas xa de vida ou morte por parte dos usuarios. (A isto cabería engadir o nefasto de certos telefilms televisivos, de tipo do «Marcus Welby...» que detrás de calquera insignificancia atopan graves doencias que cásque lle custan a vida a quen as padecen, e mesmo contribúen a espallar non soio unha deificación de medicina senón tamén unha psicosis de perigo pra que, en cambio, non existen unhas medidas preventivas a nivel social no noso país.

Sabido é que nos lugares onde haxa Residencia da S. S. istas teñen tamen un chamado servizo de urxencias, que mellor se deberían chamar servizos de admisión urxente. Xa que unha situación sanitaria é urxente cando require unha intervención sanitaria rápida e concreta, pra isto é necesario dispoñer dunha serie de aparellos técnicos rápidos (servizos de análise e radioloxía), dun persoal especializado en urxencias (non se atende coa mesma metodoloxía técnica un caso urxente que un caso «normal») e duns medios de traslado

asistencial inmediatos que poidan chegar a tódolos rincóns (ambulancias ben equipadas tanto en material como en persoal). Todo o devandito pon de manifesto a carencia duns servizos de urxencias como tais. Servizos de urxencias que puiden chegar a tódolos usuarios nun tempo mínimo. Que presten unha asistencia doada as chamadas urxencias sanitarias e uns servizos que tiveran unha dobre acción: a) Atender aos casos que lle cheguen (pra distribuílos a centros especializados); b) Atender de xeito rápido e efectivo ás urxencias domiciliarias, servizos que terían como características:

I.— Creación duns servizos de urxencias centralizados por comarca, localidade, barrio, parroquia, etc. (en unidades sociais básicas) dependendo os seus medios materiais e dotación persoal da epidemioloxía da zona, demografía e índice demográfico, particularidade económico-social (Zona industrial, rural, mariñeira, semiurbán, etc.)

II.— Persoal técnico especializado neses servizos, é dicir, xente adicada a urxencias; que implicaría a aparición e creación das urxencias como especialidade.

III.— Dotación de medios de transporte axeitados tanto á súa finalidade técnica como ao terreo no que van operar, ambulancias feitas e pensadas pra función de prestar asistencia, non como meros útiles de traslado.

IV.— Transformación da S. S. nun organismo de saúde, que levaría a abaratar o custe distes servizos amáis de que non se poden facer soio urxencias praos afiliados a S. S. E dicir, que a urxencia sanitaria como a sanidade é un servizo público que ten de estar garantizado e financiado polo aparello do Estado como un dereito de toda a sociedade á atención media.

Galicia é unha Nación, é dicir, unha entidade histórica plenamente diferenciada, cunhas particularidades socio-económicas propias, que isto conleva un nivel cultural que lle é propio tanto na súa lingua como nos seus esquemas mentais (sabido é que a doencia se entende culturalmente en Galicia como unha «desgracia natural», é dicir, inherente a natureza da persoa). Estas peculiaridades do noso país condicionan a existencia dunha realidade sanitaria propia: epidemioloxía, mortalidade, morbilidade, que implican un tratamento particular i específico de tódolos seus problemas.

Todo isto lévanos ao prantexamento dun Organismo Galego pra Saúde. Ogaismo que dea cabida e desenrole no seu seo unha asistencia de urxencias intimamente vencellada a nosa realidade, isto no marco dunha sanidade en función da saúde, feita en Galicia, feita pra Galicia e controlada polos galegos.

¿INVOLUCION DEMOCRATICA NA MOCIDADE?

No mundo enteiro a mocidade estivo sempre na vangarda das loitas. Os pobos colonizados e oprimidos foron dalgún xeito guelros da rebelión xuvenil fronte a integración nun sistema externo opresivo e represivo.

A paralización do movemento xuvenil desde a consolidación da Reforma Política parece evidente. A decepción polo pactismo da esquerda, un certo sentimento de ter sido utilizados e unha progresiva integración gracias á abelencia da dereita na transición do franquismo á democracia formal parecen ser factores fundamentais.

De todos os xeitos, este fenómeno é moito máis profundo e de moita máis am-

plitude do que en principio poida pensarse. Unha enquisa do «Nouvel Observateur» descobre actitudes máis conservadoras nos mozos que nos vellos ante a participación de Francia no Campeonato Mundial de Fútbol que se celebrará na Arxentina, onde, según «Amnesty International», desde hai dous anos foron detidas como mínimo 8.000 persoas sen procedemento xudicial, outras 15.000 «desapareceron» e entre oito e dez mil foron asasinadas polas forzas de orde durante o mesmo período.

A pregunta plantéxase nos seguintes termos: ¿Considera que Francia debe ir xogar os Mundiais de Fútbol á Arxentina, sabendo que existe un réxime de dictadura militar?

RESPOSTAS

CONXUNTO 100%	SI	NON	SEN OPINION
	65	20	15
IDADE			
18 a 24 anos	73	18	9
25 a 34 anos	72	17	11
35 a 49 anos	66	19	15
50 a 64 anos	61	21	18
65 ou máis	53	27	20
PREFERENCIA PARTIDARIA			
Partido Comunista	61	24	15
Partido Socialista	65	20	15
Giscardianos	67	17	17
Gaullistas	75	17	8
Non se pronuncian	61	17	22

Este sondeo de opinión efectuado en xaneiro de 1978, con todas as súas posibles fallas, invita inexcusábelmente a unha seria reflexión. i Hemeroteca General CEDOC



ENCOL DE SIMBOLOXIA E EFEMERIDES GALEGAS

Hai que conxugar un novo escudo revolucionario coa tradición

O símbolos, en tanto tais, deben condensar, coa maior fidelidade e felicidade posibles, a idea que se propoñan reflexar en cada caso. Cando esa idea é a de patria, entón hai que engadir un par de ingredientes insosiaíbeles: a tradición e a democracia, é dicir, a historia feita polo pobo e máis o presente vivido polo pobo.

No caso da Nosa Terra, soméilan axitados himno e bandeira: aquel cantado completo, coas estrofas 3.ª e 4.ª que o franquismo desbotou; esta coas súas cores branca e azul-celeste, sen máis ningún aditamento... mentres o pobo, en ambos os dous supostos, non dispoña o contrario. (Castelao propuña que o azul fose ultramar, ou sexa, máis escuro do celeste, tirando a maríño, poisque, según el decida, este celeste primitivo fora substituído polo azul-ultramar nos tempos da loita autonomista do galeguismo).

Nestes símbolos podémonos atopar cómodamente expresados cantos galegos hoxe formamos Galicia: o himno pódenos gustar máis ou menos, esteticamente falando; mais nel contense claramente a idea da nosa nación, xa abertamente expresada no último verso da 4.ª estrofa (dal, cecais, a censura que calu cá sobor dela e máis a 3.ª).

Moi outra cousa acontece co escudo galego, que é unha indistintulada reminiscencia teocrática. E, se ben esta pegada relixiosa foi —é aínda— unha realidade, ben podemos dicir, con Castelao, que, renegando daquela historia e deste presente, quixéramos borrar, no posíbel, tanto significado e segue a significar asoballamente e mentira.

Por eso xa nos anos da guerra, desde o seu exilio mediterráneo, o noso Guileiro ideou o que chamou os novos símbolos da nova Galiza, e que agora énos permitido ofrecer aos lectores de GALICIA SOCIALISTA, grazas á reedición e escolma que da revista «Nova Galiza» (1937-1938), «Boletín quincenal dos escritores galegos antifascistas» preparou, en Barcelona, Xosé Lois García. (Xa por Luís Seoane, en «Comunicacións mesturadas», 1973, pág. 222) e por Ricardo Palmás, en «Castelao: prosa do exilio» (1976, pág. 9) tiñamos novas deste escudo que, na súa parte máis aséptica, —o marco do escudo—, tamén veñen recoillendo as portadas das sucesivas edicións de «Sempre en Galiza», que substitúen o motivo ou escudo propioamente dito pola bandeira nosa).

Oíamos ao propio Castelao, o que el di en xullo do 37: «O escudo tradicional debe trocarse por outro. Seríamos parvos se creásemos que pode subsistir despois da guerra o escudo tradicional de Galiza co seu emblema eucarístico, pois aínda que lle atribuísemos unha altísima significación poética, identificándoo co Santo Graal, non sería respectado polos sobreviventes galegos

despois do sacrilego proceder da Eirexa católica no noso país. Acátemos, pois, a realidade e criemos o novo escudo...» (Eu aínda opoño: que o cálce coa hostia figuran xa nos escudos lugués, compostelán e mindonense, sen irmos máis alá). E engade Castelao: «Non nos quedaba máis que a fouce de ouro sobor dun fondo azul e a estrela bermella, como emblemas do Traballo e da Liberdade. Orelando o escudo compría deixar patente o martirio de Galiza. E a sira, que pertence á heráldica galega, como símbolo mariño que fale do engado atlántico, orixe das nosas aventuras».

Eu, pola miña banda, xa ideara outro, o que logo explico, en outubro do 76. Mais agora que coñezo o de Castelao, atópome, xunto aos seus logros, un par de chatas: unha que a fouce xa é un símbolo privativo e universal dunha ideoloxía concreta —a comunista, nosa parenta, como todos sabemos—, e máis dun esta-



do, como a URSS é; —no que tamén se caíra de incluímos, por exemplo, a por outra banda enxebre follas de carballo do P.S.G.; e lembrome, neste intre, da follas de pradiño no símbolo canadense—; duas que esa combinación lembra outra tamén moi espallada: a media lua e a estrela dos países islámicos como Mauritania, Arxelia, Túnez, Libia, Turquía ou Paquistán...; co que, en ambos os dous casos, caírase novamente na evocación —inda que involuntaria— dunha ideoloxía e unha relixión que ningún mal nos fixeron, pero que son algo concreto e xa coñecido e recoñecido mundialmente.

Non é que ún pretenda expresar a Galicia dun xeito aséptico, non; e propoño un escudo cun senso enxebre, é dicir orixinal, tradicional e revolucionario á vez, lonxe, no posíbel, de calquera outra evocación; esto non quitará que, no seu día, se a maioría do pobo galego é socialista, poño por exemplo, non se engada a escudo e bandeira o símbolo, accesorio, que cumpira...

Eu propoño, pois, un outro escudo máis ideista que ideoloxico, que poda servir para todos os gale-

gos sen necesidade de acodirmos a razóns morais, senón simplemente xustas, para tornar civil o relixioso. Nel, o motivo central, o dolmen, representaría a antigüidade e o cerne granítico da Terra, a comunidade precálce dos pobos extremo-atlánticos, e, por fin, o mundo labrego.

A labrada, en roxo ou ouro, —que se podería substituír por un sol—, viría a representar o alborce actual de Galicia, o sempre aceito lume do pobo que forma a nosa nacionalidade, mesmo a revolución cotiá que ha informar á nación, e, como fogo de forxa da democracia galega, sería un axitado simbolismo do mundo obreiro ou traballador en xeral.

A revolución tamén se ven evidenciar na lenda «Dous irmáns de Galiceas» —Deus e máis os irmáns de Galicia—, símbolo e lema das revoltas irmandiñas, e ao tempo, tributo ao mundo latino ao que Galicia pertence, mesmamente pola súa lingua.

As cunchas evocación das 7 veias provincias e das peregrinaxes a Compostela que, quieráramolo ou non, significaron tanto para o frolecemento da cultura galega, virían a representar, á vez, o mundo mariñeiro. (De paso, ésta e a lenda, coa palabra Deus, valerían para conformar aos que botasen de menos as cruces, o cálce e a hostia de antano). (Tales vieiras veñen substituír esas veias cruces que, co gallo da pasada manifestación da Cruña en prol da autonomía, trocara o cartelista por cadansúa estrela no escudo de Galicia).

Ocórreseme que mesmo podíanse combinar —e Castelao me perdoe!— ambas as dúas propostas, facendo oval o escudo circular, abranguido pola sira de bellas guedellas, e substituíndo a lenda latina pola galega, moi fermosa e ben simbólico-heróica...

E, por suposto, que a ésta, e maiormente á de Castelao, hanse de sumar, no seu día, as de cantos teñan algo que decira encol dos símbolos de Galicia, —particularmente os artistas—, correspondéndolle, naturalmente, ao pobo a decisión en tal choio, a escolla definitiva.

II. AS EFEMERIDES

Vimos de falar da pegada católica no escudo; hai outros eidos nos que ese rastro fica vivo por demais. Verémolo.


E ben certo que a Eirexa ten protagonizado nada menos que a nosa idade de ouro histórica, encarnada, fundamentalmente, na figura senlleira de Xelmírez, quen levou a invención do Apóstolo ao seu cenit; conquerindo para a Galicia —ou, por mellor dicir para a Compostela— de entón unha hexemonía cultural, unha preponderancia relixiosa e unha independencia política de feito, no plano peninsular; e

máis unha sostida sosa en Europa toda.

Peró este agasallo da Eirexa á Terra lembraile a ún, daigún xeito, o outro romántico amor á liberdade galega, que se lle tén atribuído ao Mariscal. Cando, o que andaba cadaquén a acadar, mentres se non demostrase o contrario, era a súa gloria personal, ou, cando moito, a da súa vila ou seu estamento; do resplandor da cal, por forza, tiñábase que beneficiaren moitos ao seu redor; pero non era, seguramente, o benestar da patria o que eles percubían —e cáseque sempre en mutua fiorta, pola competencia que un feudalismo supuña para o outro.

Sentadas estas bases, quero plantexar a idea de que, polo feito de ser a Nosa Terra unha nación sen estado propio, non é, en absoluto, de extrañar que aínda non teña fixado o seu calendario de efemerides nacionais: e, nese senso, se limite, hoxe e no plano oficial, a «santificar as festas», cadrando nelo co resto do confesional Estado español: Corpus, Sta. María, Santos...; se acaso, no concreto eido relixioso é onde, dándolle tamén carácter cívico, temos as nosas festas privadas, non sempre comúns a Galicia toda, —por exemplo, o San Roque—; no eido proliamente cívico si que está o país a acatar o que, de fóra, dispoñen, celebrando última mente só o Doce de Outubro («Día de la Hispanidad») e, desde hai ben pouco o Primeiro de Maio co seu senso orixinal (outra relixiosamente mixtificado) de «Fiesta del Trabajo».

Hai, noustante, unha excepción: o Sant lago, que é unha data tamén española, inda que —supoño— o é a partires de Galicia, polo seu carácter conmemorativo da traslación do corpo do Apóstolo, que disque acó veu dar. Pero que deste seu carácter, non tampouco privativo, se queira tirar á condición de simbólico da Nosa Terra, chamándoo Día de Galicia, ou, con maior carga —político-emocional—, Día da Patria Galega, xa somella moito correr, ou pouco cavi-



lar, para limitármolos a continuar unha vella rutina.

Con todos os respetos para a Eirexa, o Vintecinco de Xullo debebase manter, pero non como data nacional, senón axustándoo ao ser

verdadeiro significado de data tradicional. (Chamarlle Día da Tradición resultaría hoxe peyorativo: Día dos Devanceiros podería ser, cecais, máis axeitado). Pretendendo un enxebre malentendido, caise nunha limitación da necesariamente limitada definición de patria, que debe estar por riba de calesquera confesión, por determinantes que éstas foran do seu brillo pretérito.

Lembrémolos de que Santiago-cidade tamén, e por diante, chámase Compostela (este nome si que é enxebre, poisque poucos llo aplican fóra das nosas fronteiras... e dentro cáseque se perdeu).

Mesmo compría desbotar da fala tanto mes de sanxoán, santiaño, santos, nadal... e tanta data homónima como se adoita, nun afán máis que enxebre superficialmente diferencialista do resto da Europa de lingua latina, á que pertencemos: non é neso, talmente, onde radica a nosa personalidade fondamente diferenciada.

Se non trata, de momento, de eliminar conmemoracións relixiosas, que, por outra banda, na maioría víferon a perder o seu senso orixinal: a cadaquén o seu. O que compre é xustamente limitalas a eso: datas católicas, sen que interfiran no carácter cívico que as efemerides patrias han ter. E véxase que, precisamente por respecto á tradición popular —é dicir ao folclore— non se me luxa o espírito laico por manter o Sant lago, sempre que se lle chama co nome do que os feitos demostran e merecen: a data tradicional por excelencia, e máis nada.

Urxe arrincarmos a carauta secular dunha beatería óca, que hoxe nin eso é, preparándonos así para recibir o novo Día, no que Galicia entra, ceibe, na Historia, a carón dos demais pobos ibéricos, aberta a todas as razas, ideas e cultos mesmo, tal e como un pobo irmandiño, é dicir, irmán de todos os pobos da Terra: ése si que será merecente de ser chamado Día da PATRIA GALEGA.

Namentres non chega, ousa adiantar unha probábel táboa de efemerides nosas ou ao noso estilo axeitadas. Velai:

- 1.º maio: Día dos Traballadores.
- 17 maio: Día do Rexurdimento (máis abrangedor o termo que «letras»).
- 28 xuño: Día da Democracia (Estado de autonomía).
- 25 xullo: Día dos Devanceiros.
- 17 agosto: Día dos Mártires (morte de Bóveda).
- 12 outubro: Día dos Emigrados (ogallá fiquen logo vostos: unha simple conmemoración de algo lonxano).

SEI-QUE-SI.

AS RUAS DA CRUÑA

O P.S.G. acaba de tirar do prelo, con este título, un estudo referido a un aspecto moi concreto do urbanismo, como o nomenclátor urbano o é, e, neste caso, os nomes que ás ruas cruñesas «lles caltra» durante a Ditadura. Un choio secundario, a primeira vista. Pero só a primeira vista, pois, como di o Equipo de Estudos Urbanos que firma o traballo, «é unha vella aspiración popular a de desbotar unha das mostras máis superficiais pero, e por eso mesmo, máis aparentes ou rechamantes do franquismo: o nomenclátor-deguerra do réxime».

E non só no mentado matiz sectorio repararon os autores, máis tamén en canto hai de irracional, política fóra, na rotulación das vías dunha cidade que ben pode servir de exemplo a non seguir.

Si a seguir é o estudo que nos ocupa, pois, en esencia, el é aplicábel a calquera cidade ou vila galega —e non só galega—, e no suposto particular do noso feito nacional moito máis aínda, porque tamén se tenta, con este traballo, galeguizar ou regaleguizar a toponimia urbana.

Peró «As ruas da Cruña» abrangue máis que simples vías ou espazos urbanos, como queda claro no epígrafe do IV e derradeiro capítulo do libro, que se refire a «outras castes de homaxes: placas, panteóns, moimentos, institucións» que compre

normalizar despois de 40 anos de culto á personalidade. E remata facendo unha chamada á reclamación de dous históricos e compridos edificios que «nas circunstancias dun réxime ilegal, foron ilegalmente» expoliados ao pobo: o pazo de Comide, na zona antiga da Cruña, e máis o pazo de Melrás, na bisbarra mariñá.


Algo que salientáramos é a ponderación, lonxe de progresismo utópicos, da que, cunha intención de operatividade, o Equipo fai uso: sen claudicar, pero sen ir lonxe demais, tanto no terreo da democratización coma no da galeguización ou regaleguización toponímicas urbanas, e sempre cun grande respecto pola tradición popular. Tamén compre dicir que o estudo fica expresamente aberto —según se di no limiar— a quen queira botar unha man neste labor, renunciando, como é norma do P.S.G., a dogmatismos ou protagonismos de calquera caste.

Sabemos que «As ruas da Cruña» está sendo ouxeto dos comentarios máis favorábeles, e GALICIA SOCIALISTA únese a eles, cos nosos afervoados votos para que non fique en simple estudo e axiña se convirta en realidade, como é a esperanza da Sección Territorial da Cruña, que agarda a acompañar na empresa todas as vilas e cidades galegas, nunha acción reivindicatoria de conxunto: por exemplo: «e sen ir máis alá, co gallo das próximas (?) eleccións municipais».

Biblioteca General CEDOC

BAHIA JAMES, UN SUARNA INDIO

Por P. D.



Bahía James é un dos exemplos máis nidos de cómo nun país tercermundista, a posta en marcha dun xigantesco programa económico coordinado por un Estado que se dá ao servizo da comunidade e que en realidade serve ás multinacionais, somete, sen posibilidade de corrección, unha economía nacional, destruindo toda posibilidade de independencia económica, política e cultural. Inda que en este caso merece un estudo global, imonos centrar no problema indio.

350.000 km² de bosques, minas, lagos e ríos compoñen este territorio situado no corazón de Quebec (Canadá). Os seus habitantes son 6.000 indios cris e 500 inuits.

En 1971, o primeiro ministro de Quebec, Bourassa, fixo público «O proxecto do século», consistente na creación en Bahía James dun complexo hidroeeléctrico que asolaría un tercio do territorio e aseguraría unha produción de 10 millóns de kilowatios.

O equilibrio ecolóxico da zona quedaba seriamente comprometido, inda que xa comezara a sentirse unha certa degradación pouco antes. En 1970 descubrírase un elevado índice de mercurio no sangue dun indio hospitalizado. Unha investigación descubriría como causante a unha fábrica de celulosa que, con desprezo total das normas anti-contaminantes, deitaba 6 kgs. diarios de mercurio no río e 2 na atmosfera. A medida tomada polo goberno federal foi invitar aos indios a non beber auga. A investigación sinalaría tamén á mesma empresa como responsable dunha perigosa e irracional desforestación que comprometía a subsistencia das tribus.

O proxecto da construción da central hidroeeléctrica «La Grande» está baseado en datos esaxerados do crecemento do consumo enerxético para xustificar a urxencia da obra. En realidade non existía ningún estudo serio a nivel económico, ecolóxico, social ou humano pero o tempo apremiaba. Os erros presupostarios haberíanse de cifrar en mil millóns de dólares. As previsións quedarían tamén dabondo lonxe das realidades. Dos 188.000 postos de traballo prometidos, non se contabilizarían máis que 23.000 e o coste de cada ún sería de 5,8 millóns nos fixos e 298.000 dólares nos temporais, mentres na industrialización clásica oscila entre 30.000 e 35.000 dólares. O desenrolo desequilibrado beneficiaría unicamente a Montreal. A capacidade de empréstito do sector público quedaría hipotecada xa que o proxecto compromete a metade dos presupostos anuais do Quebec, e aínda así habería que recurrir á financiación privada, especialmente estadounidense. A xestión do proxecto encargada inicialmente a un organismo semioficial, viría finalmente a parar a mans dunha multinacional ao servizo das multinacionais, a Bechtel, que dirixe proxectos en 24 países do mundo.

O 64% dos membros dalgunhas tribus, como os Mistassini viven exclusivamente da caza. Isto non implica a dependencia total da terra en tanto que existe unha curiosa organización do territorio, consistente nun sistema de rotación pluriannual das terras. O espazo de caza dibúxase en función dos puntos cardinais e dos desplazamentos dos animais e dado o coñecimento que teñen dos seus costumes e movementos, exercen un control máxico da natureza se se compara co dos granxeiros, pero non menos real nin menos efectivo.

¿Qué poden facer 6.000 indios fronte á omnipotencia das multinacionais?

A filosofía da súa loita resúmese nunha historia que lles gusta contar:

Unha vez un besbello, tívose que enfrentar cun león. O rei da selva houbera podido esmagalo cunha gadoupa. Mais o saltón chimpoulle nunha orella e entroulle hasta o cerebro. O león volveuse tolo e comezou a rabuñarse e logo a esferpellarse hastra que morreu. Entón o besbello saíu victoriosa e tranquilamente da orella do león.

Na súa loita os indios téñense batido no marco das institucións democráticas co oxetivo de conseguir o respeito aos tratados firmados polos brancos, aínda válidos según eles, xa que ninguén os rachou. Ditos tratados, que recoñecen dereita ou indireitamente a soberanía das nacións indias, foron presentados ante o tribunal da Haia e a ONU quen se inibiron coa escusa do principio da non inxerencia, o que subraia unha vez máis a ineficacia da convención para prevenir o crime e o xenocidio.

Os indios vense pois forzados a levar o combate nas instancias xudiciais estatais que son á vez xuezes e parte.

En 1972 os indios presentaron unha reclamación no tribunal da 1.^a instancia de Montreal co fin de interrompirlle os traballos de Bahía James hastra que os seus dereitos estivesen definidos. O goberno autónomo non firmou tratado ningún cos indios pero o goberno federal que considerou sólido o dossier daqueles, por unha das ironías das democracias formais, tivo que financiar o proceso levado polos indios contra o goberno autónomo. En 1973 foron recoñecidos os dereitos dos indios e os traballos foron suspendidos. Unha semana máis tarde reiniciábanse coa anulación de tal resolución polo tribunal de apelación de Montreal, pasando por riba de toda a xurisprudencia e o Dereito consuetudinario. Os indios deberían abrir un novo proceso que se resolvería en 4 ou 5 anos, cando os traballos estivesen terminados.

O goberno autónomo presionado polo federal propuxo un entendemento de principio que firmaron ambas partes e que foi sometido a referéndum, a petición dos indios que se abstendían organizadamente.

Este «Pacto histórico», según o goberno, é o máis xeneroso da historia dos indios de América. Recibirán 37.500 dólares por cabeza, a repercutir no coste global da obra e cun monto total, 225 millóns de dólares, é menos do 0,5% do mesmo. Logo, menos do 1% do territorio será indio, se ben terano que ceder sen compensación aos servizos públicos e con compensacións ás compañías mineiras. Un 10%, terra de ninguén, onde os indios teñen en exclusiva o dereito de caza, e que sería reemplazado por outro, caso de necesitalo o Estado para a súa explotación. E un 90% aproximadamente, accesíbel por igual aos indios e habitantes de Quebec, cunha cidadanía, ostentarán xa no futuro aqueles.

Os deputados canadenses non foron capaces de convencer aos indios de que lles estaban «dando» terras, de que eran autónomos, de que xa tiñan o «poder», de que por fin eran «responsábeles», de que a era do paternalismo quedaba atrás...

Os indios da base rebeláronse contra dos seus representantes oficiais, porque, ao cabo, foran enganados unha vez máis. No fondo a mesma clase política era tamén xoguete das multinacionais.

O caso de Bahía James invita á cavilación encol da natureza do poder e da tolerancia represiva das democracias occidentais.

